



NORMAS LIGA DE TENIS INTERCOMARCAL 2017-2018

-Duración: a 1ª Fase comezará o 23 de outubro e remata o 17 de decembro

1ª A	7 xogadores		Baixan 3
1ª B	7 xogadores	Suben 3	
2ª A	7 xogadores		Baixan 3
2ª B	7 xogadores	Suben 3	
3ª A	7 xogadores		Baixan 3
3ª B	7 xogadores	Suben 3	

1ª
FASE

NOTA: Cando apareza unha plaza para xogar en calquera división, a organización reservase a capacidade de colocar nesa categoría a un xogador, sen comezar na última se o seu nivel, contrastado, así o aconselle para que as categorías teñan un nivel equilibrado.

a 2ª Fase comezará o 8 de xaneiro e remata o 25 de febrero

1ª A	7 xogadores	Título	
1ª B	7 xogadores		Baixan 3
2ª A	7 xogadores	Título+Suben 3	
2ª B	7 xogadores		Baixan 3
3ª A	7 xogadores	Título+Suben 3	
3ª B	7 xogadores		

2ª
FASE

-Sistema de competición:

· O sistema de competición: disputarase a modo de *Liga de Grupos* según o nivel dos participantes, donde ao final das fases, ascenderán e descenderán según a tabla anterior.

· **NOTA:** según o número de inscritos, poderase ver modificado o número de xogadores por categoría (por exemplo, ser so 7 en 3ªB, se son só 47 xogadores en lugar dos 48 que marca a tabla) ou incluso as categorías, se se unifica por exemplo con Valga.

· Os partidos xogaranse o mellor de 9 xogos, gañando sempre con diferenza de 2 xogos excepto si se chega ao tie break (tie-break ó 8-8).

- Instalacións:

- Pavillón Pobra: Tomada. (excepcionalmente Venecia)
- Pavillóns de Boiro: Cabo, Escarabote e Praia Xardín
- Tamén se pode reservar nas pistas o aire libre do Castelo, Venecia e Boiro.

-Horarios e calendario: xeralmente será o seguinte, aínda que se actualizará cada semana,
Tomada :

- os venres 21:00-23:00 horas
- sábados a partir das 21:00 ,
- e domingos de 11:00 a 21:00 horas

En Boiro xogarase en 3 pavillóns:

- Os luns en Praia Xardín de 19:45 a 22:00
- Martes de 20:15 a 22 en Praia Xardín
- Mércores: en Cabo de 22 a 23, e en Praia Xardín de 20:30 a 22:00.
- xoves as 22 en Praia Xardín.
- Venres en Praia Xardín de 19:45 a 22 horas.
- Sábados de 9-11 e de 13 a 21 en Praia Xardín, de 19:30 a 21:30 en Cabo e en Escarabote de 16 a 17:30 e de 20:30 a 23:30
- Domingos en Praia Xardín e en Cabo de 9 a 21 (en Escarabote a partir das 12.30).

-Normas Básicas de funcionamento:

1-Nesta tempada, publicarase o calendario de cada xornada e cada xogador quedará co seu rival (mellor por wasap en privado) para coller unha hora que esté dispoñible. E logo comunicarao por wasap no grupo da súa división.

2-Cada un dos xogadores inscritos ten a obriga de enterarse dos seus horarios de xogo e debe confirmar, por calquera destes medios (mellor wasap ó 691203243) que está enterado do seu horario, para evitar os w.o. e para que os pavillóns non queden valdeiros ningunha hora, e así evitar problemas cos concellos que ceden as instalacións.

3-Como temos unha hora para cada partido rógase puntualidade e formalidade para un correcto funcionamento da competición.

4-Daráselle o encontro por perdido a aquel xogador que transcorridos 15 minutos da hora sinalada non se presente no lugar do encontro. Ademáis para evitar retrasos nos partidos seguintes, o que chegue tarde máis dos 15 minutos, pode solicitar ó rival disputar o partido **si así acepta**, outro día, e pola súa conta.

5-Compre que quede meridianamete claro quen foi o causante do primeiro aprazamento por si non se chegara a xogar, darllo por perdido, polo que **"o que apraza"** será o que deberá poñerse en contacto co outro para xogalo.

6-Se 2 xogadores (nas xornadas non aprazadas) non quedan para xogar, á semana seguinte, será 0-0 o resultado.

6- Despois de cada encontro o xogador vencedor deberá enviar o resultado por calquera destes medios: un correo electrónico co resultado ás seguintes direccións: rubenlopezperez@hotmail.com ou clubtenispuntasalera@yahoo.es, por wasap ao 691203243 (Blas) ou no grupo de wasap correspondente. Como data límite os domingos a noite, Se non se cumpre, o resultado contabilizará como 0-0.

7-No caso de que un xogador se dese de baixa ou fose eliminado da competición poderían darse dúas posibilidades (non se considera ningún dos 2 supostos se ten unha lesión larga que permita retornar á competición):

- si se produce antes da última xornada, restanse os puntos xogados por ese xogador.
- si se produce na última daranse por gañado o partido a persoa que se enfrenta o xogador eliminado.

8-Abandono da competición: No caso de que un xogador non se presente a 2 encontros sin previo aviso (día anterior mínimo) será expulsado da competición directamente.

9-Os **aprazamentos non poden superar o marxe de unha semana**. Polo tanto, os que aplacen unha xornada, terá que xogar dous partidos na semana seguinte.

10-Como falamos de unha Liga amistosa, a aplicación deste regulameto e a resolución de conflitos, correrá a cargo da organización. E as súas resolución non serán apelables a ningunha outra instancia.

-NOTAS

· Pódese seguir a clasificación na páxina web do departamento de deportes: www.apobradeportes.com, ou en www.ctpuntasalera.es

· Tamén se colgarán carteis coas clasificacións e vindeiras xornadas, na oficina de deportes, pavillóns municipais, 4'20, Valverde e algún outro local de hostelería; tamén serán publicados na web www.ctpuntasalera.es. Prégase tamén que todos os xogadores teñan un correo electrónico para enviar outros avisos.

· Cada un dos xogadores inscritos declara non padecer enfermidade nin calquera outra limitación física para a participación nesta competición, polo que exime de responsabilidade algunha á organización sobre calquera anomalía que puidese ocorrer pola participación no mesmo.

· Así mesmo, polo feito de anotarse, cada participante, permite unirse expresamente ó grupo de wasap da categoría correspondente, que o seu nome apareza nas tablas de resultados.

· A organización resérvase o dereito de modificar e complementar estas normas en calquera momento do torneo se así o estima oportuno para un mellor funcionamento da competición.

· Acabada a Liga podemos xogar o Torneo de Copa que será eliminatorio e respetando basicamente as categorías disputadas na Liga.

-Cota de inscrición:

O precio básico por participar na Liga é de 40€, cos seguintes descontos*:

-socios do club ou alumnos da súa escola deportiva ano 2017 -5€

-posuidores de licencia federativa ano 2017 -5€

Ademais, descontarase xa no 2018:

-os que saquen licencia no 2018, descontaráselles outros 5€ ao facela.

-socios do club ou alumnos da súa escola deportiva ano 2018 -5€

*Son descontos acumulables

Fóra do calendario de competición, os concellos que así o teñan estipulado, poden cobrar unha taxa polo uso das súas instalacións (1hora aluguer de pavillón =7,52€, p.e. no caso da Pobra).